



Concello de Melide

**CORPORACIÓN MUNICIPAL
DE MELIDE**

ALCALDESA PRESIDENTA:

Dalia García Couso

CONCELLEIROS/AS:

Pablo Costoya Varela

María Rosa Cabado Rodríguez

José Luis Arias Lodeiro

María Dolores Gómez Neira

María Jesús López Mourón

Benito Nebril Loureiro

Yolanda Pérez Ferreira

José Antonio Prado García

María Jesús Iglesias Sánchez

Carlos Vicente Parrado Garea

Xesús Pereira López

María Luisa Vázquez García



Concello de Melide

**MEDALLA
DE OURO
DE MELIDE**



29 DE XUÑO DE 2018

Casa JUANITO



Casa Juanito é o establecemento máis antigo de Melide que continúa activo. Foi fundado en 1910 por Juan Rodríguez Ureña, o primeiro dunha saga familiar á fronte do establecemento.

Desde os seus inicios o negocio vai ser rexentado polo matrimonio Juan Rodríguez Ureña e a súa muller Aurora Martínez Sobrado, despois polo fillo do matrimonio Salustino Rodríguez Martínez e a súa dona Pura Mariño Frade, e a partir de 1962 (ou 1965) estará á fronte del o neto dos fundadores Juan José Rodríguez Mariño. Actualmente dirixe o establecemento centenario o fillo deste e bisneto dos fundadores Juan José Rodríguez López, cuarta xeración.

Ao longo de máis de un século de vida o negocio prestou servizos moi variados alén das propias dun ultramarinos. Todo comezou co proxenitor, Juan Rodríguez Ureña, na primeira década do século XX, que transportaba xente no seu coche de cabalos desde Melide a localidades próximas como Arzúa, Curtis ou outras un pouco máis afastadas como Sada, e ao mesmo tempo abría un pequeno ultramarinos no que axudaban a súa esposa e fillos. A parte de atrás do establecemento contaba cunhas cuadras nas que as persoas que chegaban a cabalo a Melide podían deixalo alí e un espazo habilitado con mesas e cadeiras para as xentes procedente das aldeas, sobre todo os días de feira, onde podían sentar, descansar, comer e beber algo. Desde o ano 1975 deixa de servir comidas ás xentes que viñan ás feiras.

Casa JUANITO

Casa Juanito mudou pouco co paso do tempo á marxe das mudanzas obvias que se deron co progreso dos anos. Continúa coa tradición e o atendimento ao público segue sendo familiar, na procura sempre de produtos *delicatessen* e de calidade que satisfagan á súa clientela.

Son 108 anos de historia, catro xeracións á fronte dun comercio familiar que continúa a conservar a súa localización orixinal na rúa Mateo Segade Bugueiro. **Casa Juanito** é todo un referente histórico do comercio melidao e a súa comarca.

